

## PEZA DO MES

novembro

2004



### BUSTO DE D. MARCELO MACÍAS

JOSÉ NÚÑEZ MÍGUEZ (ACEVEDO DO RÍO, CELANOVA, OURENSE. 1898-1937)

1935

BRONCE

48,5 x 25 x 20 CM

ASINADO NA PARTE INFERIOR: "J. NÚÑEZ"

Nº Inv. 5.984

RETRATO DUN PERSOIRO DE GRAN VINCULACIÓN A ESTE MUSEO DO QUE FOI ALMA E GUÍA, REALIZADO POR UN ESCULTOR QUE DEIXOU MOITAS OBRAS NUNHA CIDADE PARA A QUE HOXE É UN DESCOÑECIDO





O ESCULTOR JOSÉ NÚÑEZ MÍGUEZ

## BUSTO DE D. MARCELO MACÍAS

Don Marcelo Macías y García, astorgano de nacemento (1843), tras ordenarse sacerdote e dunha breve rexencia do curato de San Pedro de Bembibre, cumpre a súa ansia de estudar indo a Madrid onde se licenciou en Filosofía e Letras e opositou á cátedra de Retórica e Poética. Exerceu de profesor en Mallorca, Badaxoz, Xixón e Ourense onde ensinou no Instituto Provincial ata xubilarse en 1901. Compaxinou este labor coa do seu ministerio sacerdotal, sendo ademáis historiador, epigrafista e un gran afeccionado á numismática. Morre namorado de Galicia e da nosa cidade en 1941.

Bautizado por Emilia Pardo Bazán como o “Cicerón cristiano”, polo P. Fita “o Castelar do púlpito” e polo seu biógrafo, Otero Pedrayo, “o príncipe da oratoria”, foi moi admirado e querido pola sociedade ourensá e polos seus discípulos, que lle renden sentidas homenaxes. En 1917 entréganlle unha medalla de ouro coa súa figura modelada polo escultor Asorey e dedícanlle un soneto, obra do seu amigo Rey Soto. En 1935, unha comisión faille o encargo a José Núñez

dun busto para o que don Marcelo posa pacientemente mentres o escultor modela o barro. Feito o baleirado en escaiola, ábrese a subscripción para que discípulos e amigos colaboren en custear as 1.500 pesetas que supón a fundición e os portes a Madrid. Nos obradoiros “Mir y Ferrero” fundíronse dous bustos, un para o Instituto Nacional de Segunda Ensinanza, que o Claustro acordou colocar na Sala Árabe e que hoxe se atopa no despacho do Director (no Instituto Otero Pedrayo), e o outro foi instalado cunha sinxela homenaxe na Biblioteca do Museo Arqueolóxico. Na actualidade existe un terceiro busto fundido recentemente por encargo de dona Socorro Alonso Martínez–Risco, quen conserva con moito cariño o modelo orixinal de escaiola.

Don Marcelo, home recto e bo, foi un caudal de aportacións. Ademáis de publicacións, discursos e investigacións foi enorme o seu amor pola docencia e a educación. Formou parte do profesorado dos tres grandes centros educativos da cidade nese tempo: Seminario, Instituto e Escola de Artes e Oficios, nos dous últimos como director, e presidiu o Ateneo e a Asociación de Prensa de Ourense. Pertence a unha xeración intelectual, xunto a Vázquez Núñez, Fernández Alonso, García Ferreiro, Saco y Arce ou Paz Novoa, entre outros, que crearán a base social e cultural xerme da posterior obra da Xeración Nós e propiciadores, nas últimas décadas do século XIX, do rexurdimento da Comisión Provincial de Monumentos de Orense, unha institución na que se produce unha profunda renovación sendo presidida por Marcelo Macías e á que se debe a fundación do Museo Arqueolóxico en 1895, como medio de recoller e perpetuar os fondos do antigo Museo de Pinturas e pezas e obxectos que, xunto coa súa calidade artística servisen para o coñecemento histórico do pasado da nosa provincia. En 1898 inician a publicación do *“Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense”* que ata 1960 servirá para divulgar as investigacións arqueolóxicas e históricas que se realizaban arredor do Museo. Tanto éste como o *“Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense”* (1943-1953), deixaron de publicarse ata que, en 1971, apareceu para proseguir a súa espléndida labor o *“Boletín Auriense”*, realizado polo Grupo de colaboradores do Museo e Arquivo Provinciais que se denominará *Marcelo*

Macías, “...en memoria del sabio humanista que, aquí en Orense, se consagró, de una manera brillante, a los estudios de Numismática y Epigrafía, ..., en su preocupación por dotar a Orense de un rico y digno Museo...”. En 1939, o Estado faise cargo do museo que pasa a “depende del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos” e nomea a D. Marcelo Macías Director Honorario.

O autor do busto, José Núñez, aprendeu de man de Magariños, na Compostela dos inicios do século XX, a modelar o barro e tallar a madeira. En 1926, á solicitude de Mariano Benlliure, José Capuz, Julio Vicent, Basilio Álvarez, Francisco Llorens e outros, a Deputación de Ourense concédelle unha pensión para que continúe os estudos en Madrid. Alí casa con dona Concepción Serrano e establece estudo propio. En 1929, obtén a medalla de ouro na Exposición Ibero-Americana de Sevilla, na sección de escultura, galardón que tamén obterían Madariaga e Compostela. En pintura son premiados Llorens, Juan Luis e Carlos Sobrino. Por último, mención honorífica para Máximo Ramos e Julio Prieto Nespereira. Nese mesmo ano é premiado coa terceira medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes. De volta a Ourense, é profesor na Escola de Artes e Oficios, cargo que obtén por oposición e funda, co seu irmán Manuel, tallista e policromador, “Talleres hnos. Núñez” na rúa Fermín e Galán (rúa do Paseo), no local onde hoxe está “La Ibense”. Aqueixado de tuberculose, traslada obradoiro e vivenda a unha casa no barrio do Couto, creado como cidade-xardín, á beira dos seus benqueridos amigos, Xesús Soria e Marcelo Macías. Non supera a enfermidade e morre en 1937, truncando unha fructífera carreira. Seu irmán Manuel continuará coa docencia e o obradoiro pero xa dedicado á pintura e restauración de arte fundamentalmente relixioso.

A esa última etapa do escultor pertence a obra que presentamos e na que se mostra a un home respetado e admirado de modo sincero. A personalidade do retratado trascende mais aló da imaxe escultórica amosando a bonhomía coa honestidade da mirada, a profunda espiritualidade coa gravidade do xesto e a sabiduría do mestre coa rotundidade expresiva. A pátina escura do bronce acentúa un carácter impregnado da mesma solidez.



MARCELO MACÍAS (1º DA ESQUERDA) E REY SOTO (1º DA DEREITA) EN SAN PEDRO DE ROCAS.

No museo consérvase a peaña de madeira e escaiola dourada que sustentaba o busto. No plinto, cun borde tallado con follas de loureiro representáanse dous fachos, símbolo da elocuencia, que alumean unha cartela disposta de xeito diagonal e na que está gravado o soneto que Rey Soto lle dedicara en 1917:

*“Así extendía Cicerón la mano,  
y al torvo Catilina apostrofaba.  
Con una voz como esa declamaba  
sus broncíneos hexámetros Lucano.*

*No tuvo nunca el orador romano  
la flamígera frase más esclava,  
ni se cernió más alta, libre y brava,  
la brava inspiración del vate hispano.*

*Todo es latino en él: el grueso cuello,  
el ancho cráneo, el hispido cabello,  
la sutil majestad con que dialoga,  
el recio gesto, la actitud erguida,  
y la enorme alegría de la vida...  
¡Y hasta el manteo, que sobre él es toga!*

*Antonio Rey Soto”*



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: M<sup>a</sup> del Pilar Núñez Sánchez. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



XACOBEO 2004  
Galicia

